

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 28 de outubro de 1960 foi aprobado o Consorcio para o monte "RETORNO", LU-3166, como pertencente a parroquia de Noceda, subscribiran o Concello de As Nogais e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- En sesión celebrada o 19 de 1976 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar tal o denominado "RETORNO", pertencente á comunidade integrada polos veciños do lugar de Silvela, parroquia de Noceda, concello de As Nogais. Publicado dito Acordo no B. O. da Provincia, nº 68, do martes 23 de marzo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él polo que é firme.

3º.- Que o 19 de agosto do ano en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral o día 8 do mesmo mes, acordou a súa vez:

- propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que incluía as 15 Hás. da sua propiedade actualmente consorciadas como monte "RETORNO" e 47 Hás. rasas na actualidade, que aportan de novo.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anule e substitua o Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166 e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do anterior consorcio, a repoboación da superficie que se aporta, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas ou das que se creen no futuro, o seu aproveitamento e a execución das obras complementarias concordantes con tales fins.

5º.- Que o novo monte "RETORNO" queda consituído por:

15 Hás. do monte "RETORNO", LU-3166 e
47 Hás. rasas.

6º.- Que as superficies do monte "RETORNO", LU-3166, son:

superficie total	24 Hás.
superficie repoboada....	23 "
superficie inforestal...	1 "

O novo monte "RETORNO", pasan:

superficie total.....	15 Hás.
superficie repoboada....	14 "
superficie inforestal...	1 "

e como á Comunidade aporta:

superficie total.....	47 Hás.
superficie rasa forestal	46 "
superficie inforestal...	1 "

as superficies actuais e as que figuran no convenio do monte "RETORNO", da Comunidade de Silvela, son:

superficie total.	62 Hás.
superficie repoboada....	14 "
superficie rasa forestal	46 "
superficie inforestal...	2 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "RETORNO", LU-3166.

Conforme coas certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) <u>Gastos por traballos:</u>	
o 31-12-1995.	4.944.987,-Ptas.
o 31-12-1976, ano en que se clasificou-- como en man común o monte pertencente á Comunidade de Silvela.	80.925.- "

A ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda de Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

<u>14</u>	x 4.944.987,-Ptas.	x <u>14</u>	x 80.925,-Ptas.	2.960.733.-Ptas.
23		23		

b) Ingresos:

o 31-12-1995.	54.000.-Ptas.
--------------------	---------------

8º.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166, pasan a do Convenio do monte "RETORNO", son:

a) GASTOS:

traballos:	2.960.733,-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 2.960.733 ptas. ..	232.418,- "
100	
gardería 14 Hás. x 975,-Ptas./Há.	<u>13.650,- "</u>
<u>TOTAL GASTOS.</u>	<u>3.206.801,-Ptas.</u>

b) INGRESOS:

<u>14Hás.</u> x 54.000,- Ptas.	<u>32.870,-Ptas.</u>
23 Hás.	
<u>TOTAL INGRESOS.....</u>	<u>32.870.-Ptas.</u>

9º.- E que a conta de gastos do Convenio do monte "RETORNO" se abrirá cun saldo de:

3.206.801,- pesetas - 32.870,- pesetas... 3.173.931,- Ptas.
=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "RETORNO".

Elenco: 2715868.

Superficie: 62 Hás.

Pertenza: Comunidade de Silvela.

Concello: As Nogais.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "RETORNO", 2715868, se abra cun saldo de 3.173.931,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166 con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3166 sexan as seguintes:

Nome: "RETORNO".

Elenco: LU-3166

Superficie: 9 Hás.

Pertenza: Parroquia de Noceda.

Concello: As Nogais.

4º.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "RETORNO", 2715868, das contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 14 Hás x 4.944.987,-Ptas. 3.009.992,-Pts.

23 Hás.


ingresos: 14 Hás. x 54.000,-Ptas. 32.870,-Pts.

23 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 12 novembro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,


Asdo: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.


ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente para a sinatura dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños de Silvela (Parroquia de Noceda, concello de As Nogais), que incluía as 15 Has. da súa propiedade actualmente consorciadas como monte "RETORNO", LU-3166, e 47 Hás. máis que aportan de novo, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e a Xefatura Provincial de Lugo, entendo que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, así como a cancelación do consorcio na superficie solicitada, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Produciónn Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1996.



A. TECNICA XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'María Diz Rodríguez'.

Asdo.: María Diz Rodríguez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "RETORNO".

Elenco: 2715868

Superficie: 62 Has.

Pertenza: Comunidade de Silvela.

Concello: As Nogais.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "RETORNO", 2715868, se abra cun saldo de 3.173.931,- pesetas sen perxuício dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166 con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte LU-3166 sexan as seguintes:

Nome: "RETORNO".

Elenco: LU-3166.

Superficie: 9 Hás.

Pertenza: Parroquia de Noceda.

Concello: As Nogais.

4º.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "RETORNO", 2715868, das contas do Consorcio do monte "RETORNO", LU-3166, se resten as seguintes cantidades:

gastos: <u>14 Hás.</u> x 4.944.987,-Ptas.	3.009.992,- Ptas
23 Hás.	
ingresos: <u>14 Hás.</u> x 54.000,-Ptas.	32.870,- "
23 Hás.	

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5868
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do** Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ **Orde do 13-12-1.993.**

Da outra, D. **JOSE CAPON LOPEZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"RETORNO"** , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **28 de Outubro de 1.960** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Silvela, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"RETORNO"**

Termo municipal: **As Nogais**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada da polos veciños do lugar de Silvela, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais.**

Límites:

N.: **(FIGURAN EN LA HOJA ADJUNTA)**

S.:

L.:

O.:

Superficie: **62 (SESENTA E DUAS) Hás.**

Estado forestal: **14 (CATORCE) Hás. repoboadas; 46 (CORENTA E SEIS) Hás. rasas forestais e 2 (DUAS) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **14 (CATORCE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **48 (CORENTA E OITO) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Silvela, parroquia de Noceda, termo municipal de As Nogais**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **15 Hás. do monte "RETORNO", LU-3166.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes; e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris nas zoas rasas na actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNANDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "**RETORNO**" (As Nogais)

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSE CAPON LOPEZ, e Don JESUS ALBA GAGO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~XXXX~~ dende 0 18-12-92

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 20 de Agosto de 1996.



Don JESUS ALBA GAGO, Secretario da Comunidade de Silvela, termo municipal de As Nogais.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 8 de Agosto de 1.996 estando designado Don JOSE CAPON LOPEZ, Presidente, representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Silvela (As Nogais) a dezanove de Agosto de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

José Capón

Jesús Alba Gago

O PRESIDENTE,

Asdo.: **José Capón López.**

Asdo.: **Jesús Alba Gago.**

D. TOMÁS FERNANDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

José Capón


Asdo.: **José Capón López.**

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: **Antonio Luís Rosón Pérez.** (O.do 13/12/96)

D. José Capón López
D. Jesús Alba Gago
D. José Antonio Espín Pérez
D. José Coedo Marcos

En el lugar de Silvela, parroquia de Noceda, termino municipal de As Nogais, siendo - las once horas del día 19 de Agosto de 1.996, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Silvela, cuya relación figura al margen.

Por unanimidad de los asistentes y conforme con lo acordado por la - Comunidad en Asamblea General celebrada el 8 del mes en curso, acuerdan a su - vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 15 Hás. de su propiedad, incluidas actualmente en el Consorcio que para el monte "RETORNO", firmaron el Ayuntamiento de - As Nogais y el Patrimonio Forestal del Estado y a 47 Hás., rasas en la actualidad, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "RETORNO".

Superficie: 62 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Monte vecinal de la Comunidad de Dorna y monte "RETORNO", LU-3019;

S.- Más monte vecinal de la Comunidad de Silvela y término municipal de Pedrafita do Cebreiro y

O.- Propiedades particulares.

PARCELA II.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- Término municipal de Pedrafita do Cebreiro y más monte vecinal de la Comunidad de Silvela y

O.- Propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, amule y sustituya al Consorcio del monte "RETORNO", LU-3019. 3166

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

José Capón

Jesús Alba

José Coedo

José A. Espín

Límites do monte "RETORNO".

PARCELA I.-

- N.- Propiedades particulares;
- L.- Monte veciñal da Comunidade de Dorna e monte "RETORNO", LU-3019;
- S.- Mais monte veciñal da Comunidade de Silvela e termo municipal de Pedrafita do Cebreiro e
- O.- Propiedades particulares.

PARCELA II.-

- N.- Propiedades particulares;
- L.- Propiedades particulares;
- S.- Termo municipal de Pedrafita do Cebreiro e mais monte veciñal de la Comunidade de Silvela e
- O.- Propiedades particulares.

- - - - -